

A novela de Santiago

Para Luís Mariño, que sabe de qué falo

Imos entrar no século XXI e seguimos sen ter aínda a gran novela de Santiago. É xa unha vella teima deste cronista lamentar que aínda ninguén fixese neste noso século unha novela da contemporaneidade, é dicir, universal, na que Compostela tivese todo o protagonismo. Moitas veces me sorprendo a min mesmo dándolle voltas inutilmente aos elementos que debería reunir esa gran novela. E claro, o que me saen son os elementos que debe reunir unha gran novela aos que habería que engadir os que a cidade pide de seu. Case nada.

Voulles contar unha pequena parte do que me digo a min mesmo, *pro domo mea*. Polo de pronto, non se trata, simplemente, de contar unha(s) anécdotas(s) e ubicala(s) nos espazos desta cidade. Iso xa se fixo con maior ou menor fortuna dende o século XIX até estes días pasados en que saíu a de Méndez Ferrín, *No ventre do silencio*.

Cómpre algo máis, e aínda apuro isto: non se necesita a penas anécdota e, de habela, canto máis delgada e transparente sexa mellor, porque téñ que ser a cidade e os seus espazos os que nos conmovan e nos queden gravados existencialmente na nosa biografía persoal, na memoria persoal de todos os que permanente ou conxunturalmente teñen ou tiveron contacto con Santiago. Tamén apuro isto: mesmo na memoria daqueles lectores que nunca estiveron nin estarán en Santiago pero que incorporarían esta cidade á súa bagaxe existencial, intelectual e sentimental a través da lectura desa *non nata* novela.

Doutra banda, convirá saber manexar moi ben as coordenadas espazo-temporais, eixos básicos do xénero, como ben estudiaaron numerosos tratadistas e intuiron non menos escritores. E isto, aplicado á novela de Santiago, téñ o seu aquel, porque Compostela, que está como suspendida na intemporalidade, semella un espazo xa inmutábel que ficase estantío: a

cidade, o burgo de pedra é practicamente invariábel, é unha burbulla no tempo, unha bóla de neve, un diamante, se se quere, para ser mirado por moitas miradas, pero inmutábel. E iso non serve para crear ficción, pois na ficción, que é un simulacro de vida, todo se téñ que transformar na liña do tempo. Describir simplemente este espazo ou evocar simplemente o nome das súas rúas e das súas prazas pode dar rendemento para facer unha guía turística ou un relato costumista, é dicir, estático, pasmado, sen vida, pero non unha novela. E menos a novela de Santiago, que terá que procurar as infinitas irisacións do diamante e as infinitas miradas peregrinas e universitarias, que son propiamente as que fan da cidade un obxecto caleidoscópico cheo de historia(s) e de tempo. Cada unha coa súa anécdota, coa súa ilusión, coa súa derrota, e así millóns de historias, millóns de amores e de fracasos cruzándose ao longo dos séculos.

Particularmente, quero que a novela me cree un mundo ao que eu desexe volver, ou cando menos ao que eu poida volver cando así mo pida a miña existencia, a miña vida. Un mundo no que me poder sulagar outra vez porque durante a lectura percorrín un treito de vida singular, integreime nunha atmosfera, penetrei nunha variante vital que, sen tela vivido eu mesmo, senón o(s) personaxe(s), quedou para sempre incorporada na miña memoria como se realmente ou vagamente (ensoñadoramente) fose vivida por min. E a vida é continua transformación. Polo tanto haberá que poñer en marcha un mecanismo produtor de tempo dende o que poder, xa non só mirar, senón sentir a cidade como espazo de ficción; un mecanismo que presente a cidade tamén transformándose, a pesar da súa invariabilidade pétreo. E esta mosca a penas ten rabo por onde collela.

Doutra banda, hai que crear vida humana. Sen un proxecto humano non hai novela nin relato. Nisto acóllome a Claude Bremond: "Onde (...) non hai implicacións de interese humano (...) non pode haber relato". Pois iso.

Agora está o asunto de pensar cómo queremos que se introduza no lector a cidade, para que cada vez que abra o libro a vexa por primeira vez, con mirada adánica: nin cainita nin abeliana, e coas dúas á vez. Atinar co ton e coa linguaxe apropiada sabemos que é quizais o máis difícil da escritura novelística. Moitos dos grandes escritores de novela téñeno dito: se non se atina xa no primeiro párrafo, todo o edificio que construímos na imaxinación virá abaixo. Claro: "En un lugar de La Mancha, de cuyo nombre no quiero acordarme, no ha mucho tiempo vivía un hidalgo..." (*El*

Quijote); "La heroica ciudad dormía la siesta. El viento del Sur..." (*La Regenta*); "A iso das dúas da tarde dun bretemoso día de decembro do ano 1543, baixaba polo Picho da Cerca, en Santiago, unha vella como duns 60 anos..." (*A tecedeira de Bonaval*); "Cando eu era aínda moi rapaz, seguíase a falar do caso entre as boas xentes de Auria" (*A esmorga*). En fin, así comezaron grandes e regulares novelas. Pero era a linguaxe do século XVII, do XIX ou de hai corenta anos. E aquí dixemos que hai que facer a novela da contemporaneidade: entón comprirá buscar a linguaxe axeitada aos tempos actuais, que, á súa vez, téñ que dialogar co pasado medieval e falarlles aos tempos vindeiros, pois estamos a nos referir a unha gran novela, ¿non si? Eu coido ademais (gusto persoal) que a linguaxe da novela, sendo único e apropiado para ela, hai que procurar que non se vexa moito, que sexa transparente como o aire, porque doutro xeito non deixará vivir nin respirar ao lector, nin meterse dentro do mundo ofrecido. E esta mosca nin rabo ten: cómpre aprender a voar.

Despois está (xa para rematar esta leria pero non porque non haxa máis que engadir) a cuestión da disposición autorial, as consabidas preguntas: ¿quen conta?, ¿que ve?, etc., cousas de manual pero moi importantes. E, dende logo, baixo o meu particular punto de vista (que non é nada orixinal) para facer a novela de Santiago deberá un espirse de prexuízos e deixarse impregnar da atmosfera da cidade, incorporala intimamente, non impoñerlle ningunha ideoloxía, paixón, sentimento, etc. que non saia dela. Deixala respirar libre, como personaxe de novela que é. Porque se é unha gran novela xa levará de seu un mundo, sen necesidade de enfatizar nada: todas as paixóns, todos os sentimentos, todas as revolucións, todas as traicións e covardías, todos os amores e desamores, toda a violencia e o odio posíbeis, todos os resentimentos, toda a estupidez e intelixencia, e dende logo toda a morte. Pois a novela, a mellor novela, non é outra cousa que un treito de vida, unha metonimia e unha metáfora da vida. Pero abrangue toda a vida. E a vida é múltiple e infinita como o universo. Sobre todo en Compostela.

El Correo Gallego, 8-maio-1999